

[Escriba aquí]



Definimos **campo semántico** como o conxunto de palabras que comparten un trazo semántico. Así, *batedor, espremedor, lavadora, microondas, neveira, torrador...* pertencen ao mesmo campo semántico porque designan electrodomésticos.

Os vocábulos dun mesmo campo semántico teñen a mesma categoría gramatical, mais non posúen o mesmo lexema.

Un mesmo termo pode formar parte de diferentes campos semánticos Usegundo a realidade á cal se refira.

O campo asociativo é o conxunto de palabras que teñen en común un trazo de significado, mais que, á diferenza do que acontece no campo semántico, non teñen por que pertencer á mesma categoría gramatical.

A relación entre os termos que conforman un campo asociativo é subxectiva e depende do noso coñecemento do mundo.

Campo associativo do mar: peixe, navegar, surf, ondas, area

A familia léxica é o conxunto de palabras que partillan un mesmo lexema e comparten parte do significado. Cando as palabras presentan o mesmo radical, conforman unha familia léxica regular. Se as palabras posúen máis dun radical, estamos ante unha familia léxica irregular.

Ex. Pessoa, persoal, personaxe, personalidade, impersoal (irregular)

[Escriba aquí]

POLISEMIA Y HOMONÍMIA

Existe polisemia cando unha palabra presenta varios significados. Así, se falamos dun dente da boca, dun dente de allo ou dun dente dunha serra, estamos perante un mesmo vocábulo, un vocábulo polisémico.

Dáse homonimia cando dúas ou máis palabras que proceden de distintos étimos teñen grafía e/ou pronuncia idénticas mais significados diferentes.

Atendendo á grafía, podemos diferenciar dous tipos de homónimos:

- Homónimos homófonos, cando coinciden na forma oral mais non na escrita: vaca/baca, balor/valor,
- Homónimos homógrafos, cando coinciden na grafía: don ('graza', 'mer- cé') / don (tratamento formal); corte ('cortadura') / corte ('palacio');

Cando encontramos dúas palabras homógrafas resulta difícil distinguir entre polisemia e homonimia. Neste caso debe acudirse ao dicionario. As acepcións dun termo polisémico aparecen numeradas nunha única entrada; no entanto, os vocábulos homónimos recóllense en entradas diferentes.

A SINONIMIA

A sinonimia é a relación existente entre dúas ou máis palabras pertencentes á mesma categoría gramatical que teñen un mesmo significante pero distinto significado.

Podemos diferenciar dous tipos de sinónimos:

- Sinónimos totais ou absolutos, que son intercambiables en calquera contexto (fonendoscopio e estetoscopio; bágoa e lágrima).
- Sinónimos parciais, que presentan un significado común ou moi próximo que permite a mutua substitución en moitos contextos –aínda que con frecuencia se dean matices diferenciadores (ollar, fitar, espreitar; vello, ancián)

[Escriba aquí]

HIPONIMIA, HIPERONIMIA, COHIPONIMIA

A **hiponimia** defínese como a relación semántica existente entre unha palabra máis específica (o hipónimo) e outra máis xeral (o hiperónimo).

O hipónimo, alén de conter os trazos semánticos do hiperónimo, posúe propiedades semánticas propias. Así, *martelo* é hipónimo a respecto de *ferramenta* porque todos os martelos son ferramentas –aínda que non todas as ferramentas son *martelos*–; por outras palabras, o *martelo* é un tipo ou unha clase de *ferramenta*.

A **hiperonimia** é o fenómeno inverso á hiponimia e dáse entre unha palabra máis xeral (hiperónimo) e outra máis específica (hipónimo). Ao hiperónimo

legume, por exemplo, correspóndenlle hipónimos como *chícharo*, *garabanzo*, *faba*, *lentella*, *soia* etc.

O hiperónimo partilla todos os seus trazos semánticos cos seus hipónimos, podendo substituír estes en todos os contextos: *paxaro* (hiperónimo) / *pardal*, *xílgaro*, *paporroibo*,

anduriña, *reiseñor*... (hipónimos).

Enténdese por **cohiponimia** a relación semántica que se establece entre hipónimos dun mesmo hiperónimo. Desta maneira, *mosca*, *avespa*, *abella* e *formiga* son cohipónimos do hiperónimo *insecto*, así como *vermello*, *laranxa*, *amarelo*, *verde* e *azul* son cohipónimos do hiperónimo *cor*.

[Escriba aquí]

ANTONIMIA

A antonimia é a relación semántica que se establece entre dous ou máis vocábulos que expresan nocións contrapostas. Alto e baixo, por exemplo, considéranse antónimos porque son palabras semanticamente opostas.

Podemos diferenciar tres clases de antónimos:

- Antónimos complementarios, en que a negación dun implica a afirmación do outro. Así, quen está

vivo/a non está morto/a; quen está san non está doente...

- Antónimos graduais, que representan extremos opostos nunha gradación.

Entre frío e quente existe

morno; entre grande e pequena existe mediana etc.

- Antónimos recíprocos ou inversos, cando o significado de un leva consigo necesariamente a existencia do outro: mercar/vender (non se pode mercar se alguén non vende); pai/fillo (se hai un pai ten que existir un fillo)...